

PLAN DE
AUTOPROTECCIÓN

DO

C.E.I.P. ISAAC PERAL

INDICE

1. Descrición do recinto escolar e sistemas de seguridade.
2. Plan de evacuación.
3. Plano da evacuación.
4. Plan de autoprotección do alumnado
5. Control das persoas que acceden ó centro
6. Caixas de urxencia.

1. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

DESCRIPCIÓN DO RECINTO ESCOLAR E SISTEMAS DE SEGURIDADE

O noso colexio está formado por dous edificios. No **edificio de atrás** atópanse as aulas de educación infantil cunha sala de profesores e servicios. Ten dúas saídas, unha principal para a parte de diante do edificio e outra *saída de emerxencia* para a parte de atrás.

O edificio de diante, máis grande, ten dúas plantas. Na planta baixa están as aulas do primeiro ciclo de educación primaria coa súa titoría, a secretaría e os despachos do equipo directivo (ámbolos dous con *portas de seguridade*), a sala de psicomotricidade, a sala de teatro, as dependencias da A.P.A, a sala usos múltiples e a cociña e comedor, ademáis dos servicios correspondentes. En esta planta hai tres saídas, a principal, cara a diante, a de atrás que vai ó patio de recreo e unha *saída de emerxencia* situada lateralmente xunto ás aulas do primeiro ciclo.

No primeiro andar están as aulas de segundo e terceiro ciclo coas súas titorías, a sala de profesores, o laboratorio, a biblioteca, audiovisuais, informática, o departamento de orientación, aula de P.T. e o gabinete médico, ademáis dos servicios axeitados. Este primeiro andar ten unha *saída de emerxencia*, situada a carón das aulas do terceiro ciclo, formada unha porta que dá a unha escaleira exterior.

As tres saídas de emerxencia do centro están sinaladas con carteis verdes bastante chamativos, aínda que non son luminosos.

Todo o recinto escolar está rodeado por un valo protector con dúas portas ó exterior. Unha principal situada ó frente do colexio e outra lateral que dá á piscina. Ámbalas dúas permanecen pechadas durante o horario escolar e teñen un sistema de apertura a distancia que se acciona cando é necesario.

Nas horas non lectivas e que non hai actividades extraescolares o colexio permanece pechado e non dispón de vixiante. Na actualidade non dispoñemos de *sistema de alarma* que funcionará a partir do momento no co Concello o instale.

No caso que se produza un incendio, dispoñemos de catorce **extintores** situados da seguinte maneira:

- ▶ No edificio de *E. Infantil* hai tres extintores:
 - Ó lado das aulas de tres anos
 - Ó lado das aulas de cinco anos
 - Ó lado da saída principal

- ▶ Na *planta baixa* do edificio de primaria hai cinco extintores:
 - Ó lado da saída de emerxencia
 - Ó lado dos servicios
 - Ó lado da saída ó patio
 - Ó lado de secretaría
 - Ó lado do comedor

- ▶ No *primeiro andar* do edificio de E. Primaria hai seis extintores:
 - Ó lado da saída de emerxencia
 - Ó lado da sala de profesores
 - Ó lado dos servicios
 - Ó lado do Departamento de Orientación
 - No laboratorio
 - Na Biblioteca (na dependencia do lado)

En caso de **roubos ou estragos** no interior do recinto escolar, porase a correspondente denuncia e enviarase unha copia desta á delegación Provincial de Educación. (Orde 22/7/97 – DOG 2/9/97)

Se se produxese unha emerxencia e se tivese que **desaloxar o centro**, o conserxe tocaría a sirena con *tres avisos curtos e intermitentes* para alertar a todo o personal do centro e así poder producirse correctamente a evacuación.

PLAN DE EVACUACIÓN

Como o colexio dispón de dous edificios, distinguiremos a evacuación no edificio de educación infantil e a evacuación no edificio de educación primaria.

En educación infantil os alumnos dividiríanse en dous grupos:

- ▶ *Os do corredor esquerdo (3 anos e 4 anos A)* sairían pola porta de emerxencia (atrás) e irían á parte de atrás do edificio de educación infantil alonxándose o máis posible de el
- ▶ *Os do corredor dereito (4 anos B e 5 anos)* evacuarían o edificio pola porta de diante e irían á parte de atrás do edificio de Educación Infantil.

No caso que unha das dúas portas estivese inutilizada, sairían tódolos nenos pola mesma porta formado dúas filas e irían á parte de atrás do edificio de E. Infantil o máis lonxe posible.

No edificio de **Educación Primaria** procederíase da seguinte maneira:

- ▶ *Primeiro ciclo* de educación primaria sairían pola porta de emerxencia situada ó final do seu corredor e evacuarían o recinto escolar pola porta lateral.
- ▶ *Segundo ciclo* de educación primaria baixarían do primeiro andar polas escaleiras principais, sairían do edificio pola porta de atrás que vai dar ó patio de recreo e se alonxarían o máis posible dos dous edificios (poñeríanse ó lado do instituto).
- ▶ *Terceiro ciclo* de educación primaria abandonarían o primeiro andar pola porta de emerxencia situada a carón das súas aulas, baixarían polas escaleiras do lado dereito e se alonxarían do edificio o máximo posible.

Se a situación requirise abandonar o recinto escolar sairían:

- ▶ *E. Infantil e 1º Ciclo de E. Primaria* pola porta lateral
- ▶ *2º e 3º Ciclo de Primaria* pola porta principal. Neste caso segundo ciclo de primaria abandonarían o edificio tamén pola porta principal.

(Adxúntase plano da evacuación)

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO ALUMNADO

O alumno/a só poderá abandona-lo centro en horario escolar co permiso do director ou persoa en quen delegue, e sempre cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada. (Orde 22/7/97- DOG. 2/9/97)

CONTROL DAS PERSOAS QUE ACCEDEN Ó CENTRO

Os pais e outras persoas non poderán acceder ós pasillos nin ás aulas, durante as horas de clase, sen a debida autorización. (Orde 22/7/97. DOG. 2/9/97) Poñeranse en contacto co conserxe e este falará coa persoa indicada quen decidirá o que debe facer.

CAIXAS DE URXENCIA

O colexio dispón de dúas caixas de urxencia. Unha delas está situada no edificio de educación infantil. A outra está no edificio de educación primaria en conserxería.

As caixas de urxencia teñen o equipamento básico para atender as primeiras necesidades.

► Caixa de Urxencia de E. Infantil:

- Auga osixenada
- Aspirina infantil
- Betadine
- Mercromina,
- Cristalmina
- Esparadrapo
- Tiritas
- Tesoiras
- Pinzas
- Termómetro
- Lubas
- Thrombocid pomada
- Fastum gel
- Furacín pomada
- Fenergán crema
- Germibón jabón
- Bicarbonato

► **Caixa de Urgencia de E. Primaria:**

- Algodón
- Auga osixenada
- Tiritas, esparadrapo
- Pinzas
- Tesoiras
- Lubas de plástico
- Vendas
- Betadine
- Termalgín
- Aspirina infantil
- Fastum gel
- Cristalmina

Ademáis no colexio hai uns botiquíns para levar nas saídas ou excursións co equipamento máis necesario. Estes botiquíns están a disposición do profesorado en secretaría.